Proxecto de investigación
Estudo histórico de ondaxe en Galicia

As ondas son un dos fenómenos oceánicos máis espectaculares. En Galicia estamos acostumados a recibir temporais con fortes ondaxes todos os anos. Neste estudo imos analizar a evolución da altura das ondas nos últimos anos a partir dos datos históricos de Portos de Estado.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.
   Precisaremos da información que nos achega Portos do Estado (aquí).
2. Buscamos información.
   Que son e como se producen as ondas? Como medimos as ondas? Teñen algunha regularidade temporal?
   O recurso proporcionado por Portos do Estado resulta moi fácil de empregar pero é importante familiarizarnos con el antes de empezar:
   a. No cadro da dereita escollemos datos históricos de oleaxe.
   b. Localizamos as boias que queremos analizar.
   c. Buscamos a opción que nos permite coñecer a altura máxima de onda dende o ano 1998.
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   A maior altura de onda corresponderá con... (verán, Inverno, xaneiro, abril...) As boias do norte de Galicia terán... (maior, igual, menor altura de ondas que...)
4. Realizamos un deseño de investigación.
   Empregando a páxina de Portos do Estado analizaremos o histórico de ondas dende o ano 1998 nun mínimo de catro boias de Galicia.
5. Resultados da nosa investigación.
   Analizaremos os resultados e compararemos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.